

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as empresas Financiera maderera S.A. e Foresa Industrias químicas del noroeste S.A para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas

Santiago de Compostela, 17 de marzo de dous mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte, don Jesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei do Parlamento de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.

E doutra, don José Carballo García, en nome e representación das empresas “Financiera maderera S.A. e Foresa Industrias químicas del noroeste S.A” (en adiante FINSA/FORESA), como representante legal desta, segundo consta no poder outorgado ante a notaría de don Ildefonso Sánchez Mera, con data 30 de maio de 1989 e número de protocolo 2200.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas,

EXPOÑEN

1º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 39 que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que poden producirse ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación profesional para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida.

2º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 42 bis que a formación profesional dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

3º. Que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, especifica nos artigos 6 e 11.3 que a colaboración das empresas no desenvolvemento do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos e das alumnas nas empresas e noutras entidades, e deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofrecerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos.

4º. Que a disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais, así como a actualización profesional. Esta colaboración formalizarase mediante convenio.

5º. Que o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, daquela, permitir que estas coñezan de xeito máis próximo a formación que reciben, cada vez máis

adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas. Neste sentido, a empresa e o centro de formación profesional estreitan os seus vínculos, unen esforzos e favorecen unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

Así mesmo, establece que terán a consideración de formación profesional dual os proxectos desenvolvidos no ámbito do sistema educativo, coa coparticipación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe. Estes proxectos formalizaranse a través dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a empresa colaboradora, e empregarase un réxime de bolsas.

6º. Que as empresas FINSA / FORESA están dispostas a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade de formación coa participación da empresa, na que esta facilita aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos. O alumnado non terá en ningún caso vinculación laboral coas empresas, e non pode establecerse entre este e aquelas ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación, previstos nos artigos 11 e 12 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

7º. Que o obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as empresas FINSA / FORESA para a implantación dun proxecto experimental de formación profesional dual na nosa comunidade autónoma. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións das empresas FINSA / FORESA e no CIFP Politécnico de Santiago.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Este proxecto de formación profesional dual ten carácter experimental e ten as seguintes características:

- a. Toma como referencia os currículos oficiais implantados na comunidade autónoma de Galicia, neste caso concreto o establecido no Decreto 109/2013, do 4 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Mecatrónica Industrial.
- b. Terá unha duración desde 15 setembro de 2014 ata o 15 setembro de 2017.
- c. A formación impartirase compartidamente entre o centro educativo e as empresas, que garante a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo de "Mecatrónica Industrial", e a obtención do título de "técnico superior en Mecatrónica Industrial".
- d. Ademais, atendendo ás características das empresas, incorpórase formación complementaria á establecida no currículo do ciclo formativo correspondente, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade.

Segunda. As concrecións deste proxecto experimental de formación profesional dual para o ciclo formativo de Mecatrónica Industrial (distribución da formación curricular do ciclo formativo, distribución global do proxecto, temporalización dos módulos profesionais e adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia) están recollidas no anexo a este convenio. A programación de cada un dos módulos profesionais para cada curso académico nos que se desenvolve o proxecto, á que se refire o artigo 30 do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, incorporárase como addenda a este convenio con carácter previo ao inicio do curso correspondente.

Terceira. As empresas FINSA / FORESA comprométense a acoller nas súas instalacións a un mínimo de 15 alumnos para este proxecto experimental de formación profesional dual. Este alumnado deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos na orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que autorice este proxecto experimental de formación profesional dual.

As empresas FINSA / FORESA realizarán a selección do alumnado admitido a partir das solicitudes presentadas polas persoas que cumpran os requisitos de admisión. Para tal fin, as empresas poderán realizar entrevistas psicoprofesionais e probas de coñecementos, para seleccionar as persoas que mellor se axusten ao perfil do traballo que desempeñará o alumnado nas empresas durante a duración do proxecto.

Cuarta. As empresas FINSA / FORESA incluirán, para o alumnado seleccionado, un réxime de bolsas de formación profesional de estudantes de FEUGA, consonte o establecido na cláusula cuarta do protocolo de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e FEUGA. Este réxime de bolsas estará suxeito ás seguintes especificidades:

- a. As empresas FINSA / FORESA, en virtude deste convenio, adquiren o estatus de entidades colaboradoras do Programa de Bolsas Formación Profesional Dual (PBFPd). A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria informará a FEUGA da sinatura deste convenio para desenvolver un proxecto de formación profesional dual no réxime de bolsas.
- b. Para a efectividade da bolsa, as empresas FINSA / FORESA doarán a FEUGA, por cada alumno ou alumna do proxecto, en períodos mensuais con carácter irrevogable, salvo polas causas legalmente previstas no artigo 648 do Código Civil, un importe mínimo que se fixará tomando como base o soldo mínimo interprofesional publicado para cada ano de duración do proxecto en proporción ao tempo de traballo efectivo do alumnado durante a súa estadía nas empresas. O importe da doazón inclúe as bolsas do alumno ou da alumna, a cotización ao réxime xeral da Seguridade Social, as retencións tributarias exixibles e os gastos de xestión de FEUGA. Os ingresos deberán facerse efectivos nun número de conta da que é titular FEUGA e do que serán informadas as empresas.
- c. Para os efectos do disposto na Lei 49/2002, do 23 de decembro, do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, FEUGA expediralle ás empresas FINSA / FORESA a certificación da doazón á que alude o artigo 24 da lei, no momento en que esta se fixer efectiva.
- d. Para a efectividade do réxime de bolsas, as empresas colaboradoras e as persoas bolseiras deberán, en todo momento, cumprir os requisitos establecidos na normativa que regula os proxectos de formación profesional dual e neste convenio.

Quinta. Durante o primeiro trimestre de cada un dos cursos, o alumnado adquirirá formación no centro educativo, no horario lectivo que este estableza.

Sexta. A estadía do alumnado nas empresas iniciarase, por cada ano de duración do proxecto, no mes de xaneiro, e rematará co inicio do seguinte curso. Durante este período, o alumnado deberá cumprir co horario laboral da empresa.

Sétima. O alumnado deste proxecto disporá dun mínimo de trinta días naturais de vacacións por curso. Para estes efectos computaranse, por unha parte, as vacacións escolares, establecidas para cada curso no correspondente calendario escolar, das que o alumnado se beneficie durante a súa estadía no centro educativo, e, por outra parte, os días restantes ata completar, cando menos, o mínimo establecido, que determinarán as empresas no período de estadía do alumnado na empresa.

Oitava. Consonte o artigo 20 do citado Real decreto 1592/2012, do 8 de novembro, sobre as titorías vinculadas ao contrato, as empresas FINSA / FORESA nomearán unha persoa como titor ou titora do alumno ou da alumna, que será responsable do seguimento do acordo para a actividade formativa anexo ao contrato, da coordinación da actividade laboral coa actividade formativa e da comunicación co centro de formación. Ademais, deberá elaborar, ao finalizar a actividade laboral da persoa traballadora, un informe sobre o desempeño do posto de traballo.

Así mesmo, o centro formativo designará un profesor ou profesora, ou formador ou formadora, como titor ou titora responsable da programación e do seguimento da formación, así como da coordinación da avaliación co profesorado e/ou os titores e as titoras que interveñen. Así mesmo, esta persoa será a interlocutora coa empresa para o desenvolvemento da actividade formativa e laboral establecida no contrato.

Novena. Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída por:

En representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

- A persoa titular da subdirección xeral de formación profesional ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da dirección do CIFP Politécnico de Santiago.
- O profesor titor ou a profesora titora do centro educativo.

Tres representantes das empresas FINSA / FORESA

En representación da Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA)

- A persoa titular da subdirección xeral de FEUGA ou persoa en quen delegue.

Un funcionario ou unha funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria actuará como secretario ou secretaria.

Décima. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Décimo primeira. Este convenio extinguirase por finalización do tempo convido e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á outra cunha antelación mínima de quince días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a. Cesamento das actividades do centro docente ou da empresa.
- b. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c. Incumprimento das cláusulas establecidas neste convenio.
- d. Mutuo acordo entre o centro docente e a empresa.

Décimo segunda. Carácter administrativo do convenio.

Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 4.1 e 2 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdisen na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Lido o presente convenio, atópano conforme e asínanos no lugar e na data indicados.

**O Conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria**

**O/A representante das empresas FINSA /
FORESA**


Asdo.: Jesús Vázquez Abad

Asdo.: José Carballo García



1. ANEXO

1.1 Distribución da formación curricular do ciclo formativo



CF: ciclo formativo.

FCT: formación en centros de traballo.

FCCE: formación curricular centro/empresa.

FEM: formación en empresa.

FCE: formación en centro educativo.

FP dual						
			Curso 14-15	Curso 15-16	Curso 16-17	TOTAL
Formación curricular	Centro educativo	Formación centro educativo (FCE) (66%)	290	370	385	1045
	Empresa	Formación en empresa (FEM) (34%)	243	160	142	545
Total			533	530	527	1590



1.2 Distribución global do proxecto

Curso 2014-2015

FCE 290 h (18%)	FEM 243 h (16%)	T 777 h (50%)	FCO 244 h (16%)
-----------------------	-----------------------	---------------------	-----------------------

Curso 2015-2016

FCE 370 h (23%)	FEM 160 h (10%)	T 980 h (60%)	FCO 124 h (8%)
-----------------------	-----------------------	---------------------	----------------------

Curso 2016-2017

FCE 385 h (23%)	FEM 142 h (9%)	T 1122 h (68%)
-----------------------	----------------------	----------------------

FCE: formación en centro educativo.

FEM: formación na empresa.

FCO: formación complementaria.

T: traballo.

FP dual						
			Curso 14-15	Curso 15-16	Curso 16-17	Total
Formación curricular	Centro educativo	Formación centro educativo (FCE) (18%) (23%) (23%)	290 h	370 h	385 h	1045 h
		Formación en empresa (FEM) (16%) (10%) (9%)	243 h	160 h	142 h	545 h
Traballo/ formación en empresa (TFE)	Empresa	Traballo/formación complementaria (TFC)	777 h	980 h	1122 h	2879 h
		Formación complementaria (16%) (8%)	244 h	124 h	-	358 h
Total			1554 h	1634 h	1649 h	4827 h

Formación curricular.

Traballo/formación complementaria.



1.3 Temporalización dos módulos profesionais

1.3.1 Curso 2014-2015

1.3.1.1 Planificación

Curso 2014 - 2015												
Set.	Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.	Set.
Formación no centro educativo (FCE) (290 h)				Traballo / formación na empresa (TFE) (1264 h)								

1.3.1.2 Organización dos módulos profesionais

Período setembro - decembro

Ano	Código módulo	Nome módulo	Horas totais módulo	Trimestre Réx. ord.	FCE		FEM período
					Horas período	Horas semana	
1	MP0935	Sistemas mecánicos.	187	1º, 2º e 3º	75	6,3	0
1	MP0937	Sistemas eléctricos e electrónicos.	213	1º, 2º e 3º	95	7,9	0
1	MP0940	Representación gráfica de sistemas mecatrónicos.	133	1º, 2º e 3º	120	10	0
TOTAL			533		290	24,2	0

Período xaneiro - xuño

Ano	Código módulo	Nome módulo	Horas totais módulo	Trimestre Réx. ord.	FCE		FEM período
					Horas período	Horas semana	
1	MP0935	Sistemas mecánicos.	187	1º, 2º e 3º	0	0	112
1	MP0937	Sistemas eléctricos e electrónicos.	213	1º, 2º e 3º	0	0	118
1	MP0940	Representación gráfica de sistemas mecatrónicos.	133	1º, 2º e 3º	0	0	13
TOTAL			533		0	0	243



1.3.2 Curso 2015-2016

1.3.2.1 Planificación

Curso 2015 - 2016												
Set.	Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.	Set.
Formación no centro educativo (FCE) (370 h)				Traballo / formación na empresa (TFE) (1264 h)								

1.3.2.2 Organización dos módulos profesionais

Período setembro - decembro

Ano	Código módulo	Nome módulo	Horas totais módulo	Trimestre Réx. ord.	FCE		FEM período
					Horas período	Horas semana	
2	MP0936	Sistemas hidráulicos e pneumáticos.	105	4º e 5º	70	5,8	0
2	MP0938	Elementos de máquinas.	107	1º, 2º e 3º	107	8,9	0
2	MP0939	Procesos de fabricación.	213	1º, 2º e 3º	123	10,3	0
2	MP0942	Procesos e xestión de mantemento e calidade.	105	4º e 5º	70	5,8	0
TOTAL			530		370	30,8	0

Período xaneiro - xuño

Ano	Código módulo	Nome módulo	Horas totais módulo	Trimestre Réx. ord.	FCE		FEM período
					Horas período	Horas semana	
2	MP0936	Sistemas hidráulicos e pneumáticos.	105	4º e 5º	0	0	35
2	MP0938	Elementos de máquinas.	107	1º, 2º e 3º	0	0	0
2	MP0939	Procesos de fabricación.	213	1º, 2º e 3º	0	0	90
2	MP0942	Procesos e xestión de mantemento e calidade.	105	4º e 5º	0	0	35
TOTAL			530		0	0	160



1.3.3 Curso 2016-2017

1.3.3.1 Planificación

Curso 2016 - 2017												
Set.	Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.	Set.
Formación no centro educativo (FCE) (385 h)				Traballo / formación na empresa (TFE) (1264 h)								

1.3.3.2 Organización dos módulos profesionais

Período setembro - decembro

Ano	Código módulo	Nome módulo	Horas totais módulo	Trimestre Réx. ord.	FCE		FEM período
					Horas período	Horas semana	
3	MP0941	Configuración de sistemas mecatrónicos.	140	4º e 5º	140	11,7	0
3	MP0943	Integración de sistemas.	157	4º e 5º	70	5,8	0
3	MP0944	Simulación de sistemas mecatrónicos.	70	4º e 5º	70	5,8	0
3	MP0947	Empresa e iniciativa emprendedora.	53	4º e 5º	43	3,6	0
3	MP0946	Formación e orientación laboral.	107	1º, 2º e 3º	62	5,2	0
TOTAL			527		385	32,1	0

Período xaneiro - xuño

Ano	Código módulo	Nome módulo	Horas totais módulo	Trimestre Réx. ord.	FCE		FEM período
					Horas período	Horas semana	
3	MP0941	Configuración de sistemas mecatrónicos.	140	4º e 5º	0	0	0
3	MP0943	Integración de sistemas.	157	4º e 5º	0	0	87
3	MP0944	Simulación de sistemas mecatrónicos.	70	4º e 5º	0	0	0
3	MP0947	Empresa e iniciativa emprendedora.	53	4º e 5º	0	0	10
3	MP0946	Formación e orientación laboral.	107	1º, 2º e 3º	0	0	45
TOTAL			527		0	0	142



1.4 Adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia

1.4.1 Curso 2015–2016

Cualificación profesional incompleta

- | |
|--|
| <ul style="list-style-type: none">▪ a) Diseño de produtos de fabricación mecánica, FME037_3 (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro): |
| <ul style="list-style-type: none">– UC0106_3: automatizar os produtos de fabricación mecánica. |

1.4.2 Curso 2016–2017

Cualificacións profesionais completas

- | |
|---|
| <ul style="list-style-type: none">▪ Planificación, xestión e realización do mantemento e a supervisión da montaxe de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas de produción, IMA377_3 (Real decreto 182/2008, do 8 de febreiro), que abrangue as seguintes unidades de competencia: |
| <ul style="list-style-type: none">– UC1282_3: planificar e supervisar a instalación en planta de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas. |
| <ul style="list-style-type: none">– UC1283_3: planificar o mantemento de instalacións de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas. |
| <ul style="list-style-type: none">– UC1284_3: supervisar e realizar o mantemento de instalacións de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas. |
| <ul style="list-style-type: none">– UC1285_3: controlar as probas e realizar a posta en marcha de instalacións de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas. |